



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 652

Semana do 9 ao 15 de novembro de 2015

20 ANIVERSARIO DA LEI DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**O BALANCE É POSITIVO PERO HAI QUE MELLORAR A NORMA**

Redacción.- A Lei de Prevención de Riscos Laborais (LPRL) trouxo cambios positivos á xestión dos riscos inherentes ao traballo e supuxo un punto de inflexión cultural, tanto entre os axentes implicados como na sociedade en xeral. Pásase dun enfoque reactivo, no que era habitual a reparación do dano unha vez producido, a un enfoque preventivo, no que se contemplan non só os riscos físicos do traballo, senón tamén os mentais.

O balance da lei resulta, en xeral, positivo, xa que a partir da súa promulgación prodúcese un gran desenvolvemento normativo, desenvólvense plans de acción como as Estratexias de Seguridade e Saúde -tanto nacionais como autonómicas-, increméntase a formación e a información de calidade e aumenta notablemente a sensibilización e a participación de traballadores e axentes sociais no ámbito da prevención.

Desde a súa posta en marcha, obsérvase unha tendencia decrecente das cifras de sinistralidade laboral que é necesario manter e que non pode verse mermada pola crise, pero tamén se avanzou no recoñecemento das enfermidades profesionais.

Pero queda moito por facer. Cada día morren 2 persoas en accidente laboral e 67 persoas son vítimas de enfermidades relacionadas co traballo.

Segundo a Enquisa Nacional de Xestión de Riscos Laborais nas empresas 2014, os factores motivadores para abordar a xestión dos riscos laborais nos centros de traballo son o cumprimento da norma e evitar a multa ou sanción no caso de incumprimento, de maneira que se pode dicir que a prevención en España é formal e non real.

A mesma enquisa revela as dificultades dos xestores das empresas á hora de abordar cuestións como os trastornos musculoesqueléticos (primeira causa de baixa en España) ou os riscos psicosociais (que son

**Riesgos Laborales**
Aniversario de la Ley de Prevención

cada vez máis comúns), pero ademais, reflicte que o 78% dos centros de traballo recorre a un servizo de prevención alleo, unha externalización de servizos que non é o adecuado.

Por iso, no 20º Aniversario da Lei, a Unión Xeral de Traballadores destaca que é necesario establecer normativamente criterios obxectivos para a cualificación dos accidentes de traballo e quere sinalar que, aínda que se avanzou no recoñecemento das enfermidades profesionais, hoxe en día estamos a presenciar un retroceso ata niveis de 1999, de maneira que hai que facer aflorar as ocultas e implementar o cadro español de enfermidades coa lista revisada e aprobada pola OIT o pasado 25 de marzo de 2010 e incorporar novas patoloxías por exemplo os cancros de orixe laboral.

O Sindicato aposta, entre outras cousas, por aumentar o control e incrementar as actuacións en materia de prevención por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social así como aumentar o investimento en I+D+i e impulsar desde a educación primaria, (manténdoa ao longo da vida), a sensibilización neste ámbito e mellorar as fontes de información para permitir unha mellor identificación de colectivos, actividades e empresas con risco de enfermidade profesional.

E considera fundamental o desenvolvemento de actuacións dirixidas aos colectivos máis vulnerables, como son os mozos, traballadores temporais, traballadores de maior idade, embarazadas, persoal espe-

cialmente sensible e prestar unha maior atención á situación de autónomos, traballadores de pemes e subcontratas xa que a descentralización produtiva está cada vez máis estendida.

Así mesmo, UGT mantén que medidas como facer públicas as sancións por infraccións moi graves, (algo previsto pola lei pero que non se está levando a cabo), potenciar as actuacións da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais ou desenvolver unha maior coordinación entre as diferentes administracións públicas para mellorar a implantación da normativa actual e a resposta ante situacións de risco, serían formas de mellorar unha Lei que foi, e é, tan importante para os traballadores do noso país.

Xornada de saúde laboral para conmemorar esta data

UGT celebrou os días 10 e 11 de novembro en Madrid, para conmemorar esta data, unha xornada de saúde laboral na que se abordou a Lei de prevención de riscos laborais dende distintas perspectivas; analizouse o papel dos delegados de prevención; púxose enriba da mesa a evolución das técnicas preventivas e as institucións da prevención.

Para desenvolver todos estes enfoques contouse con catedráticos, unha representación da Fiscalía do Estado, técnicos do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e técnicos en materia preventiva do propio Sindicato.

É IMPRESCINDIBLE LOGRAR BOS EMPREGOS E LOITAR CONTRA A DESIGUALDADE E A POBREZA

Redacción.- Os secretarios xerais de UGT e CCO reuníronse este mércores coa secretaria xeral do PP, María Dolores de Cospedal, e o vicesecretario xeral de Acción sectorial do PP, Javier Maroto, para presentar a súa proposta ante as eleccións xerais do 20 de decembro, do mesmo xeito que en días precedentes se reuniron coa dirección do PSOE e de Unió Democrática de Catalunya.

O secretario xeral de UGT, Cándido Méndez, explicou que tratouse dunha reunión “cordial desde o recoñecemento das grandes diferenzas, sobre todo, en relación co balance desta lexislatura”.

“Solicitamos claridade. Non nos importa tanto o que se di como o que se vai facer. Para nós, de cara á nova lexislatura, é imprescindible xerar bos emprego, loitar contra a desigualdade e a pobreza e buscar fórmulas para mellorar a innovación das empresas e aumentar a súa produtividade”. Ademais, “resulta fundamental desenvolver unha política de distribución que pase polo desenvolvemento dunha política fiscal, bos servizos públicos fundamentais e outorgar un papel importante á negociación colectiva, que é onde se xesta a distribución primaria da riqueza”.

Cándido Méndez apuntou que un punto de preocupación común durante a reunión co PP foi o problema da brecha salarial, entre homes e mulleres, en termos de contratación, entre os temporais e indefinidos e en termos xeneracionais, entre os traballadores máis mozos e os que están en idade adulta.

Neste senso, reclamou a necesidade de “articular medidas sobre a negociación



colectiva pero tamén medidas legais, de protección á familia, para erradicar os obstáculos”.

Outra preocupación que amosaron as organizacións sindicais é polo futuro das pensións. “Hai que recuperar o Pacto de Toledo, que embarrancou nesta lexislatura. O debate non pode partir da estratexia lúgubre de rescate ou caos, senón de como melloramos os ingresos do sistema”.

Derrogar a reforma laboral e recuperar dereitos é unha necesidade para a sociedade española

O secretario xeral de UGT sinalou que o maior punto de fricción na reunión tivo que ver coa situación do emprego e a reforma laboral. “Falamos de que derrogar a reforma laboral e recuperar os dereitos é unha necesidade para a sociedade española. En España, as políticas de austeridade non viñeron da man de políticas de acompañamento. Deuse prioridade exclusiva aos recortes. E a totalidade do au-

mento da desigualdade veu das políticas de austeridade.

Por elo, considerou que se non se fai esa reversión necesaria de dereitos, os ricos serán máis ricos e as clases medias seguirán desplomándose no noso país.

Definir un cauce político que resolva a situación de Cataluña

En relación coa situación de Cataluña, Cándido Méndez volveu a reclamar ao Goberno “accións oportunas para preservar a legalidade. Pero estas accións deben propoñerse en termos de que non prexudiquen á cidadanía de Cataluña”.

“Estamos ante un reto de dobre dimensión, a xurídica e a política. Hai que articular medidas nos dous eidos, pero hai que empezar a definir un cauce político que resolva este problema sen prexudicar aos cidadáns cataláns”.

É DE LEI

2 prestación de ingresos mínimos para
MILLONS DE PERSOAS
INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR

Leva a túa sinatura ao Congreso

eu asino!

rescatar ás persoas combater a desigualdade

URXE MELLORAR SALARIOS E RENDAS

Redacción.- Os datos de IPC publicados hoxe polo INE, correspondentes ao mes de outubro, reflicten unha caída de tres décimas respecto ao mes anterior, situando a taxa interanual do índice de prezos no -0,7%.

Estes datos reflicten a débil recuperación da nosa economía, sustentada nun continuo aumento da desigualdade, do paro de longa duración, unha deterioración do emprego e unha desvalorización salarial que provocou unha forte perda de renda das familias españolas e, por conseguinte, un enquistamento do consumo.

Para UGT, é imprescindible incrementar o poder adquisitivo da poboación do noso país para favorecer o consumo e apostar decididamente polo crecemento. Unha nova política económica que xere bos empregos e mellore a innovación das empresas para aumentar a súa produtividade.

Só cunha política económica xusta e eficiente a recuperación chegará a todos e asentaremos os alicerces básicos para recuperar o Estado de Benestar.

Segundo os datos publicados hoxe polo Instituto Nacional de Estadística (INE), o



IPC fai fincapé na súa senda descendente, ao caer tres décimas respecto do mes anterior e situar a variación nos últimos doce meses no -0,7%, dúas décimas maior que a rexistrada en setembro.

A inflación subxacente, que mide a variación xeral de prezos descontando os alimentos non elaborados e os produtos enerxéticos, aumenta unha décima e sitúase no 0,9%, aumentando a súa distancia coa taxa xeral, que alcanza os 1,6 puntos porcentuais, como consecuencia da incidencia dos prezos do petróleo na taxa xeral, pre-

ciso que non se inclúen na taxa subxacente.

Pola súa banda, no mes de setembro a taxa de variación anual do IPC Harmonizado (IPCA) aumenta lixeiramente e sitúase no 0,9%, dúas décimas por encima da rexistrada o mes anterior. Deste xeito, o IPCA de España sitúase nove décimas por baixo da taxa media da eurozona, que é de 0,0%. España leva 26 meses consecutivos rexistrando taxas de variación do IPC inferiores ás da eurozona.

EN GALICIA FORON ELIXIDOS 5 DELEGADOS DE UGT, 1 DE CCOO, 1 DE CGT E 1 DE SI

UGT GAÑA AS ELECCIÓNS SINDICAIS EN RTVE

Redacción.- UGT ven de gañar as eleccións en RTVE, con 56 delegados en todo o Estado, medrando así a súa porcentaxe de representatividade como sindicato que xa era maioritario no ente público.

En Galicia o panorama é similar e UGT tamén obtén a maioría da representatividade con cinco delegados, un para CCOO, outro para CGT e un tamén para SI.

Ademais de incrementar a súa porcentaxe de representatividade no conxunto de RTVE, UGT obtén representación en todas as comunidades autónomas, unha circunstancia que o Sindicato interpreta como resultado da súa loita por todos e cada un dos centros e unidades informativas, da súa defensa dunha estrutura territorial que é básica para o servizo público de RTVE.



UGT-RTVE vai seguir loitando e actuando en defensa do ente e o Sindicato é consciente do enorme valor deste voto de confianza que os traballadores depositaron en UGT. Haberá que afrontar tempos novos e complexos e UGT agarda responder á confianza despositada polos traballadores de RTVE, loitando e actuando polos dereitos de todos en RTVE, polo servizo público, por unha radio e unha televisión cercanas ao cidadano e que sexa unha garantía de veracidade, obxectividade e pluralidade.

Premio “Libres de Temor 2015” aos sindicatos UGT e CCOO

Redacción.- Vense de aprobar unha Resolución do Comité Executivo Mundial de UNI, tras o acto de entrega do “Premio Libres de Temor 2015” aos Sindicatos UGT e CCOO, na que se denuncia a aplicación da Reforma Laboral do Goberno do PP e a ofensiva contra os dereitos laborais dos traballadores e traballadoras.

Igualmente fai referencia á agresiva resposta do Goberno contra os sindicalistas que participaron na defensa do dereito á folga, aos que se lles está procesando e nalgúns casos, condenando a penas de privación de liberdade e a sancións administrativas, algo sorprendente nun estado que se di democrático. Denuncia tamén esta Resolución o intento do Goberno de amordazar ao movemento sindical para frear a súa capacidade de defensa dos dereitos laborais e sociais.

PREACORDO PARA O CONVENIO DOS TRABALLADORES DO METAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Redacción.- Despois dunha longa negociación, que se remonta ao mes de febreiro, e un amago de ruptura a pasada semana co abandono da mesa por parte da patronal, este mércores a última hora a parte empresarial e UGT e CCOO déronlle o visto bo a un preacordo para o texto de convenio que regulará as relacións laborais de máis de 22.000 traballadores do sector do metal da provincia de Pontevedra.

Texto que foi ratificado este xoves en assemblea polos afiliados de UGT por unanimidade e lle será presentado tamén hoxe aos de CCOO.

A secretaria xeral de MCA-Vigo, Ana Belén Valiño, aclarou que este é un “convenio asumible, aínda que consideramos que non é totalmente satisfactorio”. Non obstante, como en calquera negociación, cada unha das partes deixan demandas polo camiño para pechar un acordo. E así

foi tamén neste caso, despois de case 20 xuntanzas.

De todos os xeitos, Valiño destaca que con este convenio avánzase de xeito importante en varios aspectos sociais; garantízase o poder de compra para os traballadores do metal da provincia de Pontevedra durante dous anos; a acumulación da xornada completa de lactancia; no seguro colectivo inclúese a enfermidade profesional; e mellóranse varias li-

PREXUBILADOS DE IZAR E IMENOSA INCIARÁN DEMANDAS CONTRA A SEPI PARA O PAGO DA DÉBEDA E A REGULARIZACIÓN DAS SÚAS NÓMINAS

Redacción.- Onte, centos de xubilados das antigas Izar e Imenosa, asistiron no Carballo Calero en Ferrol a unha assemblea, convocada por UGT, xunto con CCOO e a CIG, na que analizaron a resposta da SEPI que, tras comprometerse a pagar as actualizacións salariais que lles tiña conxelado dende o 2013, anunciou a súa intención de descontar deste montante o IPC negativo de 2014, o que restaría un 1 por cento destas atribucións.



mes.

Os sindicatos apelan a unha sentenza anterior do TS que declarou indebida a rebaixa do IPC negativo nos anos 2008 e 2009. A intención dos representantes dos traballadores é a de ter presentadas todas as reclamacións, que van ir pola vía individual, antes de que finalice este

De feito, para o vindeiro martes, día 17, ás 11.30 horas está prevista unha concentración diante da sede da Xunta e posteriormente dirixiránse ao SMAC onde presentarán xa as primeiras reclamacións individuais porque non están de acordo co desconto anunciado.



Recollida de firmas en Ferrol para unha prestación de ingresos mínimos

Redacción.- Continuando coa campaña de recollida de firmas para respaldar a a ILP por unha prestación de ingresos mínimos, UGT-Ferrol instalou o pasado mércores á saída de Alcampo unha mesa para que a cidadanía da comarca puidese dárle o seu apoio a esta iniciativa.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>